



FERROLTERRA CONSOLÍDASE COMO A SEGUNDA SEDE DO FESTIVAL ATLÁNTICA

- Ferrol volve apostar con forza polos contos e recibe once espectáculos entre os días 4 e 8 de xullo
- Mugar dos recunca como sede e acolle dous espectáculos no Centro de Interpretación de Caldoval, un deles estrea absoluta
- Entre as novidades, a incorporación dun roteiro narrado polo Ferrol ilustrado na compañía de Guillermo Llorca



Artistas que actuarán en Ferrol e Mugar dos no Festival Atlántica 2023: Luis Correia Carmelo, Pedro Mario López, María da Pontragha, Cris Collazo, Charo Pita, Cándido Pazó, Amor Herrera, Cris de Caldas e Guillermo Llorca

Ferrol, 28 de xuño do 2023.- O concello de Ferrol convértese de facto na segunda sede do **Festival Atlántica** grazas aos **once espectáculos** que acollerá entre os días **4 e 8 de xullo**. Ademais, o concello de **Mugar dos** repite este ano con dúas propostas, o que fará de Ferrolterra un epicentro da narración oral cun total de trece funcións gratuítas para grandes e cativos. Esta intensa actividade é posible grazas ao financiamento da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña e á colaboración dos concellos de Ferrol e Mugar dos e mais do Centro de Interpretación de Caldoval.

A programación vai comezar o vindeiro **martes, 4 de xullo**, con dúas funcións do portugués **Luis Correia Carmelo**. A primeira, 'Nin dúas nin tres... era unha e só unha vez', será ás 18 horas na

Biblioteca Municipal e está concibida para público infantil maior de 5 anos. Un chisco máis tarde, ás 20.30 horas e no Centro Cívico de Canido, os adultos poderán gozar coas historias de 'Contatinas'. O **mércores 5** será a quenda do cubano **Pedro Mario López**, quen tamén contará para cativos (18 h, Biblioteca Municipal, 'Do monte veño e ao monte vou') e maiores (20.30 h, Capela C. Torrente Ballester, 'Sen destinatario').

O **xoves 6 de xullo María da Pontragha** protagonizará tamén un programa dobre. Ás 18 h, na Biblioteca Municipal, os nenos descubrirán que historias se agochan dentro de 'Un saco de contos' e ás 20.30 h, na Capela C. Torrente Ballester, serán os adultos os que coñezan quen son as 'Donas do lugar'.

En canto ao **venres 7**, o Festival Atlántica programa tres actividades. A primeira, ás 17.30 horas na Biblioteca, vai ser o concerto sensorial para bebés 'Son no berce' de **Cris Collazo**. A propia Collazo recuncará ás 19 horas co espectáculo infantil 'A corva' no Centro Cívico de Canido, e a esa mesma hora comezará o 'Roteiro polo Ferrol ilustrado' con **Guillermo Llorca**.

Atlántica despedirase de Ferrol o **sábado 8 de xullo** con dous dos narradores galegos máis veteranos: **Charo Pita** (12 h, Centro Cívico de Canido, 'Mares de conto') e **Cándido Pazó** (21 h, Cruceiro de Canido, 'Unha chea de contos'). Cómpre sinalar que aínda que todas as actividades son gratuítas, algunhas delas precisan reserva previa vía web ou retirada de convites. Toda a información ao respecto pódese atopar na web de Atlántica ou da Biblioteca Municipal de Ferrol.

Estrea absoluta en Mugardos

Pola súa banda, o Centro de Interpretación de Caldoval de Mugardos vai recibir o xoves, **6 de xullo**, o espectáculo 'Urdimbres' de **Pedro Mario López**. O **venres 7** o enclave mugardés vai ser o escenario que acolla a estrea absoluta do espectáculo 'Ida e volta' do dúo 'En branca e negra' integrado pola galega **Cris de Caldas** e a cubana **Amor Herrera**. Ambas as dúas actividades serán ás 21.30 horas.

Algúns narradores: petiscos de arte

Luis Correia Carmelo. Este artista portugués emigrou a Brasil de neno e ao seu regreso comezou no mundo dos contos a estudar e recoller historias e músicas tradicionais. Hoxe en día é un dos grandes referentes da narración oral lusa e trae a Santiago un espectáculo onde o humor, o maravilloso e o cotián palpitan ao ritmo da súa concertina.

Pedro Mario López. Cubano, neto de galegos emigrado a Colombia. A súa fala desbordante, chea de retranca, engaiola con historias onde mestura a gran literatura coa tradición oral. Realismo máxico e humor no escenario.

María da Pontragha. Coñecida como María Iglesias na vida civil, a Pontragha é unha das voces máis persoais da nova narración oral galega. Nas súas contadas deixa clara a súa paixón pola tradición oral, tanto a través da música como da palabra en si. É quen de recuperar e actualizar as historias populares, atrapando ao público con sesións de contos que destilan un gusto especial polos que se centran nas mulleres do país.

Guillermo Llorca. Este profesor de instituto xubilado, namorado de Ferrol, atesoura máis de trinta libros, de autoría individual e compartida, e centos de artigos en numerosos xornais e revistas. No 2022 participou como coordinador local da exposición 'Cidades no Tempo: Ferrol'.

Cris de Caldas e Amor Herrera. Cris, galega e branca coma o leite, é narradora oral. Amor, cubana e negra coma o café, é música profesional e escritora ocasional. Ambas as dúas xúntanse no espectáculo de narración oral e música en directo 'Ida e volta'. Un convite para viaxar no espazo e no tempo a través de historias de migracións, sabedoras da importancia da riqueza da

diversidade cultural e de non perder a memoria. Porque hai historias e contos que teñen billetes de ida e volta, coma a vida mesma.

Por toda Galicia... e Portugal

Os contos do Festival Atlántica vanse estar espallando por boa parte da xeografía galega ata o vindeiro 9 de xullo. Grazas ao esforzo conxunto das entidades que colaboran no festival, as máis de **90 actuacións** desta edición chegarán ás **24 sedes** repartidas polas catro provincias galegas. Amais de Ferrol e Mugardos, este ano participan en Atlántica os concellos de Santiago de Compostela, Teo, A Coruña, Alfoz, Boiro, Brión, Carnota, Castro de Rei, Cuntis, Chantada, Dodro, Mondoñedo, Outes, Ourense, Paderne, Pobra de Trives, Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribeira, A Estrada, Sanxenxo e Vigo. A esta listaxe cómpre engadir a sede portuguesa de Pitões das Júnias, en Montalegre. Toda a información sobre os espectáculos e os artistas do festival está dispoñible na web festivalatlantica.gal.

Festival Atlántica

Atlántica, Festival Internacional de Narración Oral, naceu no ano 2013 con sede en Santiago de Compostela cunha clara vocación de ser un encontro de voces e historias de perfil atlanticista. Ao seu obxectivo de indagar nas raíces comúns das historias do océano cos anos foise agregando a posta en valor e difusión de espazos patrimoniais do país e a clara vocación de levar espectáculos de calidade a cidades e vilas das catro provincias. O número e a calidade de artistas e propostas escénicas foi medrando ata convertelo nunha cita ineludible da narración oral da Península.

+INFO: <http://festivalatlantica.gal>

KIT DE PRENSA FESTIVAL ATLÁNTICA 2023: <https://cutt.ly/Atlantica2023>

FOTOS EDICIÓNS ANTERIORES: <https://www.flickr.com/photos/festivalatlantica>

CONTACTO: **Bea Pérez** | 604 070 409 | prensa@festivalatlantica.gal

AXENDA FERROL

Martes 4 de xullo

18.00 h.- NIN DÚAS NIN TRES... ERA UNHA E SÓ UNHA VEZ de **Luis Correia Carmelo** (Portugal)

Biblioteca Municipal | Público infantil (+5 anos) | Castelán e portugués

Inscripción vía web a partir do venres 30 xuño:

https://www.ferrol.gal/biblioteca/form_inscripcion.aspx?idActividade=13

20.30 h.- CONTATINAS de **Luis Correia Carmelo** (Portugal)

Centro Cívico de Canido | Público adulto | Castelán e portugués

Entrada libre

Mércores 5 de xullo

18.00 h.- DO MONTE VEÑO E AO MONTE VOU de **Pedro Mario López** (Cuba)

Biblioteca Municipal | Público infantil (+5 anos) | Castelán

Inscripción vía web a partir do luns 3 xullo:

https://www.ferrol.gal/biblioteca/form_inscripcion.aspx?idActividade=14

20.30 h.- SEN DESTINATARIO de **Pedro Mario López** (Cuba)
Capela Centro Torrente Ballester | Público adulto | Castelán
Retirada convites no Teatro Jofre a partir do 30 de xuño

Xoves 6 de xullo

18.00 h.- UN SACO DE CONTOS de **María da Pontragha** (Galicia)
Biblioteca Municipal | Público infantil (+3 anos) | Galego
Inscripción vía web a partir do martes 4 xullo:
https://www.ferrol.gal/biblioteca/form_inscripcion.aspx?idActividade=15

20.30 h.- DONAS DO LUGAR de **María da Pontragha** (Galicia)
Capela Centro Torrente Ballester | Público adulto | Galego
Retirada convites no Teatro Jofre a partir do 30 de xuño

Venres 7 de xullo

17.30 h.- SON NO BERCE de **Cris Collazo** (Galicia)
Biblioteca Municipal | Bebés (6-35 meses) | Galego
Inscripción vía web a partir do mércores 5 xullo:
https://www.ferrol.gal/biblioteca/form_inscripcion.aspx?idActividade=16

19.00 h.- ROTEIRO POLO FERROL ILUSTRADO de **Guillermo Llorca** (Galicia)
Saída da Biblioteca Municipal | Público adulto | Galego
Inscripción previa na Biblioteca a partir do 30 de xuño ás 9 h (presencialmente / 981 944 182 / biblioteca@ferrol.es)

19.00 h.- A CORVA de **Cris Collazo** (Galicia)
Centro Cívico de Canido | Público infantil (+3 anos) | Galego
Entrada libre

Sábado 8 de xullo

12.00 h.- MARES DE CONTOS de **Charo Pita** (Galicia)
Centro Cívico de Canido | Público infantil (+3 anos) | Galego
Entrada libre

21.00 h.- UNHA CHEA DE CONTOS de **Cándido Pazó** (Galicia)
Cruceiro de Canido | Público adulto | Galego
Entrada libre

AXENDA MUGARDOS

Xoves 6 de xullo

21.30 h.- URDIMBRES de **Pedro Mario López** (Cuba)

Centro de Interpretación de Caldoval | Público adulto | Castelán

Venres 7 de xullo

ESTREA ABSOLUTA

21.30 h.- IDA E VOLTA de EN BRANCA E NEGRA

Cris de Caldas (Galicia) narración | **Amor Herrera** (Cuba) voz e música

Centro de Interpretación de Caldoval | Público adulto | Galego e castelán